

Á Mesa do Parlamento

Carmen Acuña do Campo, Manuel Vázquez Fernández, Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Alvarez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Servizo de Urgencias do Meixoeiro está colapsado, de forma case continuada, polo que o persoal sanitario deste servizo ten formulado unha folga ademais de múltiples denuncias.

Situación que se ten agravado tanto nos últimos días que ata ten chegado o problema á Fiscalía e o Valedor do Pobo.

Os problemas deste servizo que veñen de lonxe, por problemas estruturais, se teñen agudizado agora debido aos recortes nos recursos humanos aplicados polo Goberno Feijoo, o peche continuado e mantido de camas e a deficiente xestión que a consellería e a Xerencia de Vigo están a levar a cabo.

As persoas enfermas se acumulan nos corredores do propio servizo, impedindo ata a circulación polo mesmo nunhas circunstancias so xustificables nun hospital de campaña e en plena batalla.

Inexplicablemente e a pesar de que tanto o persoal médico como de enfermería, teñen formulada á Xerencia uns incrementos mínimos no persoal que podería paliar un pouco, as enormes dificultades que ten o servizo, so toparon ata agora reproches, represalias e falta absoluta de colaboración.

As consecuencias son que o colapso vai en aumento, que o persoal médico está en folga e que o de enfermería por medio dun manifesto vén de anunciar que non poden atender aos enfermos e enfermas nos corredores, xa que aí non é posible darlle a calidade, a seguridade e a intimidade que precisa unha atención sanitaria normal.

Costa entender que o país que máis medra de Europa e na cidade, onde se está a construír a maior infraestruturas de España en tempos de crise, sempre segundo palabras do presidente Feijoo, se teña a xente enferma tirada polos corredores e o persoal sanitario na Fiscalía, denunciando que está traballando sen ningunha garantía.

Grupo Parlamentario

Ademais aínda que Feijoo formula o novo hospital como a solución, a verdade é que se van dispor nese Servizo de Urgencias unificado (Xeral e Meixoeiro) de 15 camas menos das que se dispón agora sumando as que ten o Servizo de Urgencias do Meixoeiro e o Servizo de Urgencias do Xeral. Supomos que a solución non a verá Feijoo en que os corredores do novo hospital “Privado” e “Pequeno” de Vigo sexan máis amplos e permitan non unha padiola senón ata dúas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora o Goberno galego a situación que se vive no Servizo de Urgencias do Meixoeiro?

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2015

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Manuel Vázquez Fernández
Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
Carmen Gallego Calvar
María Quintas Alvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 02/02/2015 17:40:01

Manuel Vázquez Fernández na data 02/02/2015 17:40:07

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/02/2015 17:40:12

José Manuel Gallego Lomba na data 02/02/2015 17:40:16

Carmen Gallego Calvar na data 02/02/2015 17:40:22

Maria Remedios Quintas Alvarez na data 02/02/2015 17:40:28